



**BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS (2) PEÓNS DE OBRAS AO ABEIRO DO DISPOSTO NO  
PROGRAMA DEPUEMPREGO 2016**

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a contratación de dous peóns de obras ao abeiro do disposto no Programa Laboral DEPUEMPREGO 2016, que a Excm. Deputación Provincial de Lugo ven de implementar para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo

As contratacións efectuadas en base a este Programa DEPUEMPREGO 2016 se realizarán baixo a modalidade de contrato de traballo por duración determinada, sendo esta de nove (9) meses, en réxime de dedicación absoluta.

**2.- XORNADA LABORAL.**

Será de 37 horas e 30 minutos semanas, de luns a domingo, cos descansos establecidos pola lexislación vixente.

**3.- RETRIBUCIÓN.**

As establecidas no Convenio Oficial que lle é de aplicación.

**4.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES**

Para ser admitido a esta convocatoria os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- 1 Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemade, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- 2 Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- 3 Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.



## 5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais, e irán acompañadas de fotocopia compulsada do DNI. Estas presentaranse no Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello de Negueira de Muñiz durante un prazo de **cinco (5)** días hábiles, que serán contados dende o seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web municipal ([www.negueira.es](http://www.negueira.es)). Ademais, achegarase o xustificante de pago na conta bancaria 0072-0209-94-0000100038 da taxa de 10 €, segundo o disposto pola Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxas pola expedición de documentos administrativos, no seu epígrafe quinto punto 4º (BOP nº 187, do 17 de agosto de 2011), xunto coa seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que se aducen

Malia o anterior, aqueles que poidan acreditar a súa condición de “desempregado” mediante a presentación da “Tarxeta de demandante de emprego” obterán unha bonificación do 50% na taxa anteriormente citada, polo que deberán abonar soamente 5 €, todo elo consonte o reflectido na modificación da Ordenanza aprobada no Pleno Municipal celebrado o 29 de setembro de 2015 (BOP Nº 227, de 20 de decembro de 2015)

Tamén se poderán presentar as solicitudes na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax no mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión —. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da corporación.

Concederase, asemade, un prazo de dous días naturais para emenda, polas persoas excluídas, dos defectos a que alude o artigo 71 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e a abstención e recusación dos membros dos Tribunais. A publicación da devandita resolución no Taboleiro de Edictos da Corporación será determinante para efectos de posible impugnación e recursos, de conformidade co previsto na invocada Lei.

A mencionada lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo para reclamacións, se non as houberse; no caso contrario, exporase de novo a lista definitiva na mesma forma que a anterior. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.



## 6.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso - oposición, e consistirá na avaliación daquelas circunstancias persoais dos distintos candidatos que socaven de xeito indubitable as súas posibilidades de inserción no mercado laboral; a posterior realización dunha proba práctica, que verse sobre os traballos que os candidatos seleccionados terán que realizar, unha proba teórica e a posterior valoración da formación e experiencia profesional acadada polos candidatos durante os dous anos anteriores ó presente proceso selectivo. A suma final das valoracións de tódalas probas seguirá unha escala do 1 ó 10, sendo o 10 a nota máis alta. Aqueles que obteñan unha calificación inferior a cinco serán declarados como “non aptos” e, polo tanto, non poderán ser incluídos na bolsa de emprego.

O “peso” de estas probas na nota final será dun 10% no caso da avaliación das circunstancias persoais de cada candidato; un 40% no caso de proba práctica, e un 25% para cada unha das dúas probas restantes (exame teórico e valoración da experiencia e da formación).

A avaliación persoal valorarase do seguinte xeito:

- Ser muller: 0,2 puntos
- Ter unha idade igual ou superior aos 45 anos: 0,2 puntos

A concurrencia de estas circunstancias acreditarase mediante a presentación do DNI.

- Persoas con unha minusvalía recoñecida superior ao 33%: 0,2 puntos
- Ser parado de longa duración (> 1 ano): 0,2 puntos
- Ser vítima de violencia de xénero: 0,2 puntos.

A concurrencia de estas tres últimas circunstancias acreditarase mediante a presentación de certificado emitido pola autoridade competente. A condición de vítima de violencia de xénero poderá acreditarse mediante copia autenticada de sentenza condenatoria, orde de afastamento, etc.

A experiencia profesional valorarase do seguinte xeito:

### 1 EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima 1,50 puntos):

1. Por servizos prestados no concello de Negueira de Muñiz na mesma categoría á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras administracións públicas privadas na mesma categoría á do posto ao que se opta .....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ao que se opta .....0,05 por cada mes completo ou fracción



## CONCELLO de NEGUEIRA de MUÑIZ

---

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e/ou copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

### 2 FORMACIÓN (Puntuación máxima: 1,0 puntos):

2.1.- CURSOS: Valoraranse os coñecementos extra-académicos adquiridos en cursos monográficos.

1. Cursos de máis de 50 horas:	0,20 puntos/curso
2. Cursos de entre 20 e 50 horas:	0,10 puntos/curso
3. Cursos de menos de 20 horas:	0,05 puntos/curso
4. Carné de conducir B:	0,50 puntos
5. Carné de conducir C1	1,00 puntos

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,05 puntos por curso. So se valoraran aqueles cursos que fosen impartidos ou refrendados por Administracións Públicas.

Proba práctica: Valorarase con unha puntuación máxima de 4 puntos, e versará sobre aquelas disciplinas que os traballadores terán que desempeñar no exercicio do posto do traballo ao que optan.

Proba teórica: Valorarase con unha puntuación máxima de 2,5 puntos, na que se testará a iniciativa, interese e aptitude para o posto, e os coñecementos sobre o traballo a realizar.

### 7.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinada pola suma das calificacións obtidas nas distintas probas, e determinará, polo tanto, a orde na que se deberán realizar as futuras contratacións.

Con todos aqueles candidatos que superen as probas de acceso cunha nota que nos lles permita acceder ao posto ofertado, constituirase unha listaxe encamiñada á cobertura de posibles baixas, renuncias, etc dos candidatos seleccionados. Esta listaxe estará en vigor ata a extinción do convenio que da orixe ás contratacións.

Negueira de Muñiz, a 2 de novembro de 2016

O Alcalde-Presidente

José Manuel Braña Pereda



D....., con DNI nº.....e domicilio a efectos de notificación en ....., en relación as bases aprobadas polo Concello de Negueira de Muñiz segundo Resolución de Alcaldía de data 26 de outubro de 2016, para a contratación de “Peóns de obras” ao abeiro do disposto no Program DEPUEMPREGO 2016

Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
- Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo, así como que reúno as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo

Negueira, a ..... de ..... de 2016

Asdo.....